

JAVIER FERREIRO

CV

Nacido na cidade de Lugo, Javier trasladouse a Barcelona para cursar os seus estudos de cinema na Universitat Pompeu Fabra. Entre tanto, traballou como bolseiro en *Paco Poch Cinema*, unha compañía produtora onde entrou en contacto con directores como Mia Hansen-Løve ou Pedro Costa, que se converterían nas súas primeiras influencias. Tralo seu paso pola universidade, Javier especializouse en escritura de guión de cinema e televisión no máster da Universidade Carlos III de Madrid.

No 2012, prodúcese un xiro decisivo na súa carreira cando é admitido na EICTV, a Escola Internacional de Cinema e Televisión de San Antonio de los Baños (Cuba). Alí escribiu e dirixiu varias curtametraxes e documentais durante os seus tres anos como estudante. O seu proxecto final na EICTV foi a curtametraxe “ALFA”, estreada no Festival Internacional de Cinema de Guadalajara. En Cuba tamén levou a cabo proxectos como produtor, entre os que destaca a peza documental “BATERÍA”, seleccionada por *Cahiers du Cinéma España* como unha das mellores curtametraxes documentais do 2017.

De volta a España, Javier converteuse en socio da compañía produtora *Amor y Lujo*, afincada en Barcelona e responsable de obras como a longametraxe documental “*Passion*” de Maja Borg, estreada en CPH:DOX e no Festival de Cine Europeo de Sevilla; e a curtametraxe “*Las Infantas*” de Andrea H. Catalá, estreada no Festival de Toronto e na Seminci. Xunto a *Amor y Lujo*, Javier leva anos desenvolvendo proxectos propios de ficción e documental que recibiron o apoio de fondos e programas rexionais, nacionais e internacionais como AGADIC, ICEC, ICAA, Programa Ibermedia, Sources 2, PLOT Lisboa, Cine Qua Non Lab e EAVE Puentes, entre outros.

En paralelo, Javier traballou con directores como Jaime Rosales ou Erika Lust, coa que colaborou durante anos non só como asistente de dirección e produtor, senón como director e guionista invitado, dentro do seu prestixioso proxecto “*XConfessions*”.

Actualmente, Javier está a desenvolver a súa ópera prima “*Fame e febre*”, producida por *Sétima* e que conta co apoio de AGADIC, mentres escribe “*Mariliendre*”, a súa primeira serie como creador, e tras rematar a escritura da serie “*Vestidas de Azul*” (continuación da exitosa “*Veneno*”). As dúas series son proxectos para *Atresmedia* producidos por *SUMA CONTENT*, a produtora de Javier Calvo e Javier Ambrossi, creadores e produtores de títulos como “*Paquita Salas*” ou “*Cardo*”, entre outros.